



En Santiago de Compostela, a 8 de abril de 2016

### REUNIDOS

Dunha parte, o director xeral de Ordenación e Produción Forestal, segundo o Decreto 30/2012, do 4 de xaneiro (DOG núm. 4 do 5 de xaneiro de 2012) polo que se dispón o seu nomeamento en relación coa Orde do 13 de outubro de 2015 pola que se determina a adscrición dos órganos dependentes da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes e da Dirección Xeral de Produción Agropecuaria; actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións que lle confire a Orde do 17 de novembro de 2015 sobre delegación de competencias (DOG núm. 223 do 23 de novembro de 2015).

E doutra, o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Fundación Semana Verde de Galicia, con NIF G36155208, na súa condición de presidente do Padroado en función da Orde do 9 de xullo de 1991.

Cada un intervén en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración.

### EXPOÑEN

**Primeiro.** Que o Estatuto de Autonomía establece no seu artigo 27.10 a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

**Segundo.** Que ao abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso e servizos da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

**Terceiro.** Que a Xunta de Galicia por medio de, entre outros, o Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e da Orde do 17 de novembro de 2015 de delegacións de competencias en diversos órganos da Consellería do Medio Rural, asignou esta competencias ao director xeral de Ordenación e Produción Forestal.

**Cuarto.** Que a Consellería do Medio Rural considera accións necesarias para acadar obxectivos de política forestal a divulgación de coñecementos e de técnicas de xestión forestal sostible e a actualización técnica dos propietarios de montes e comunidades de montes veciñais de Galicia.

**Quinto.** Que a explotación e o aproveitamento dos recursos son parte esencial do sector forestal galego e que reiteradas demandas dende o mesmo reclaman a organización dun novo Salón profesional centrado nestes dous aspectos. O IV Monográfico Forestal Internacional para o Sur de Europa, Galiforest, será un salón dirixido a profesionais nun escenario singular, unha exposición dinámica no monte en condicións reais de traballo. Permitirá ás empresas forestais levar a cabo probas de desbroces, astelados, tala de madeira, apiado de produtos, carga directa en camión o indirecta en autocargadores, transporte de madeira no monte, sementeira mecánica, aproveitamento de residuos forestais (biomasa), etc., nas que participarán empresas de todo o sector produtivo, tanto fabricantes, como distribuidores de motoserras, grúas, autocargadores, vehículos de transporte, etc.

**Sexto.** A Fundación Semana Verde de Galicia é unha institución sen fin de lucro creada no 1991, declarada de interese galego. A Fundación ten entre os seus fins:



1. Contribuír ao desenvolvemento do sector agrario galego, a través de actividades feirais e de mercados agropecuarios.
2. Promover a cooperación público-privada no desenvolvemento de actividades feirais e promocionais no campo agrario, alimentario, industrial e comercial co obxecto de impulsar o avance continuo dos devanditos sectores.
3. Reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos sectoriais de ámbito estatal e internacional.

**Sétimo.** É vontade da Consellería do Medio Rural colaborar conxuntamente coa Fundación Semana Verde na realización das actividades de organización do evento monográfico forestal internacional para o sur de Europa mencionado no parágrafo quinto.

Ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### Primeira

O obxecto deste convenio é regular as condicións da colaboración conxunta entre a Consellería do Medio Rural e a Fundación Semana Verde e para a organización neste ano dunha nova edición da feira bianual de carácter monográfico forestal internacional para o sur de Europa que ten como obxectivos principais os seguintes:

1. Ser punto de encontro e referencia profesional para o sector
2. Consolidación como feira profesional monográfica no ámbito xeográfico do Suroeste da Unión Europea.
3. Promocionar a estrutura empresarial e produtiva do sector.
4. Fomentar unha conciencia social a favor do medio ambiente e os seus recursos.
5. Promover as boas prácticas no uso da maquinaria forestal.

### **Segunda**

A Consellería do Medio Rural, por medio do persoal técnico da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal, cooperará efectivamente no desenvolvemento da organización do evento, intervindo activamente na realización do mesmo, de forma que o resultado beneficie e teña proveito para as dúas partes sen que exista ánimo de lucro para ningunha delas.

### **Terceira**

A Fundación Semana Verde, ao seu cargo, asume as seguintes obrigas:

1. Involucrar ao sector forestal na realización do evento. Para iso divulgará e invitará a participar ás entidades vinculadas aos diferentes campos do sector.
2. Promover acordos con diferentes organismos como ICEX, Igape, Cámaras de Comercio, Asociacións Profesionais para a realización de misións comerciais que darán o carácter internacional a este monográfico.
3. Promover acordos con diferentes empresas líderes, para traer a os principais fabricantes internacionais
4. Lanzamento dunha campaña de comunicación que destaque as novidades e os elementos diferenciais do certame.
5. Ceder unha pequena parte do solo do certame Galiforest 2016 para a difusión das políticas desenvolvidas pola Consellería do Medio Rural

A Consellería asume as seguintes obrigas:

1. Asumir a Presidencia do Comité de Galiforest na figura do director xeral de Ordenación e Producción Forestal
2. Achegar persoal especializado en temas forestais que colaborará conxuntamente coa Fundación:

- Na organización de conferencias e mesas redondas sobre o sector
  - Participando presencialmente en varias conferencias e mesas
  - Presentando os eventos máis destacados da feira
3. Achegar material de divulgación sobre temas relacionados co monte, o medio ambiente e a prevención e loita contra os incendios forestais.
4. Facer un seguimento e análise dos resultados da feira.

#### **Quinta**

A Consellería do Medio Rural e do Mar financiará un gasto máximo de sesenta e cinco mil euros (65.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.713B.640.1 dos Orzamentos Xerais da Comunidade autónoma de Galicia para 2016, sendo esta partida económica a axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse pola súa natureza como un investimento de carácter inmaterial que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Medio Rural neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais que se poidan materializar en activos.

A colaboración financeira da Consellería do Medio Rural neste convenio non terá o carácter de prezo, senón de achega que se realiza para compensar á Fundación Semana Verde de Galicia dos gastos nos que incorre no desenvolvemento e difusión do dito evento.

#### **Sexta**

A subscrición do convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e os empregados da Fundación Semana Verde que desenvolvan as actividades programadas e a Xunta de Galicia.

**Sétima**

Para a xestión do convenio de colaboración constituirase unha comisión de seguimento composta por dous representantes de cada institución asinante.

Esta comisión encargarse da xestión, seguimento das actuacións e avaliación dos resultados, e desenvolverase durante toda a duración do convenio de xeito continuado, establecendo e definindo as pautas de actuación e supervisando tecnicamente as accións previstas no mesmo.

**Oitava**

A Fundación Semana Verde remitirá á Consellería do Medio Rural un informe final das actuacións realizadas ao abeiro do convenio, desde o seu comezo ata o seu fin, que deberá ser aprobado polo director xeral de Ordenación e Produción Forestal. O informe incluírá os documentos, informes e publicacións elaborados ao abeiro do convenio.

**Novena**

Son causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial dalgunhas das súas cláusulas
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas
- As modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería do Medio Rural.

**Décima**

O convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e rematará o 20 de decembro de 2016.

**Undécima**

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Atópase excluído do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de contratos do sector público.

As controversias que puidesen formularse sobre a interpretación e execución deste convenio deberán ser resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa, de acordo coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta orde xurisdicional.

E, en proba de conformidade, asinan, por triplicado, o presente convenio de colaboración no lugar e data indicados no encabezamento.

O director xeral de Ordenación  
e Producción Forestal

O Presidente do Padroado da Fundación  
Semana Verde de Galicia

(Este convenio foi asinado dixitalmente por ambas as partes)

## ANEXO I

### RELACIÓN DE GASTOS FINANCIADOS EN GALIFOREST 2016

|                                                                                                                                             |          |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|
| Plan de Medios:<br>Campaña de comunicación en prensa, revistas técnicas, radio, televisión, internet,...                                    | 30.000 € |
| Montaxes propios:<br>Adecuación e preparación da zona, montaxe de carpas, instalación eléctrica, sonorización da zona,...                   | 17.000 € |
| Vixilancia e seguridade:<br>Durante a feira, así como durante a montaxe e desmontaxe, en turnos de día e noite                              | 6.000 €  |
| Servizos varios de loxística:<br>Plan de emerxencias e control da súa execución, servicios médicos, de restauración,...                     | 4.000 €  |
| Alugueres:<br>Aseos químicos, xeneradores de enerxía, carretillas, manitou,...                                                              | 3.000 €  |
| Servizos de limpeza:<br>Durante a feira, así como durante a montaxe e desmontaxe. Inclúense os produtos de limpeza e a retirada de vertidos | 3.000 €  |
| Señalización, cartelería e outro material gráfico:                                                                                          | 500 €    |
| Total gastos financiados:                                                                                                                   | 63.500 € |
| Estimación da cesión dunha pequena parte do solo para difusión das políticas desenvolvidas pola Consellería do Medio Rural:                 | 1.500 €  |
| Importe total del convenio:                                                                                                                 | 65.000 € |

Orzamento total do IV Monográfico Forestal Internacional para o Sur de Europa: 125.750 €.

A achega da Consellería do Medio Rural en ningún caso terá carácter de prezo nin existe ningún ánimo de lucro por parte da Fundación Semana Verde de Galicia.